

IGUALARTE

FORMACIÓN EN IGUALDADE

1º|2º|3º PRIMARIA

ESTEREOTIPOS
MODELOS DE MASCULINIDADE E FEMINIDADE
RELACIONES DESIGUALITARIAS



RÚA BAIUCA 2. BAIXO
A ESTRADA.36680
679306188

INFO@ANACOS EDUCATIVOS.COM
WWW.ANACOS EDUCATIVOS.COM



Anacos Educativos é unha entidade formada por unha equipa multidisciplinar con profesionais dos eidos da Educación Social, o Traballo Social e a Pedagogía. A maiores, as persoas que o integran, contan con formación en tempo libre e están especializadas en xénero, polo que o enfoque dos nosos proxectos sempre busca a equidade dende a diversidade e emprega a educación non formal como ferramenta para a adquisición de habilidades sociais .

Con cada un dos nosos proxectos queremos construír e sumar riquezas dende a diversidade e entendendo a igualdade como o pilar fundamental dunha sociedade sá e respectuosa.

Os centros de ensinanza son catalizadores de coñecementos e capacidades, porén, é preciso ser conscientes de que a súa labor vai moito máis alá, converténdose co paso do tempo en lugares de referencia imprescindibles para o desenvolvemento da comunidade educativa.

Deste xeito, o proxecto que presentamos a continuación busca achegarse aos centros de ensino, nos cales están a levar a cabo a súa formación académica, para executar un proxecto centrado na concienciación e sensibilización en xénero.

- AFECTIVIDADE
- PERSPECTIVA DE XÉNERO
- ESTEREOTIPOS E ROLES

XUSTIFICACIÓN

A sociedade ten interiorizadas moitas conductas que inicialmente non nos paramos a analizar, limitándonos a reproducir roles, imitar condutas e dixerir conceptos. Neste proxecto buscamos crear conciencia para promover o cambio, crendo que é o único xeito de modificalo.

Vemos necesario a deconstrución de certos modelos adquiridos e aprendidos co paso dos anos e que constitúen a base dun sistema desigualitario. Trátase pois dun problema social, que vai máis alá do individual e privado e que repercute no conxunto da sociedade.

Para poder mudar estos comportamentos é necesario en ocasións ir ás idades nas cales aínda están construindo a súa personalidade, para que collan conciencia da importancia dun mundo en equidade.

OBXECTIVOS

- Identificar crenzas, roles e estereotipos que condicionen as súas actitudes e comportamentos nas relacións interpersoais.
- Promover no alumnado unha visión analítica, crítica e non estereotipada sobre a diversidade existente na nosa sociedade.
- Identificar e analizar cuestións relacionadas coa (des)igualdade, sexismo e violencia de xénero presentes
- Fomentar o respecto á diversidade como fonte de riqueza.
- Promover ferramentas de cambio para manter tratos e relacións igualitarias.

METODOLOXÍA

A metodoloxía proposta para a execución de "IGUALARTE" busca un acercamento participativo co alumnado, tendo en conta os seus intereses, inquiredanzas e coñecementos previos. Non se trata dunha formación estandar e estática, senón que buscarase en todo momento levar á práctica e posta en común. Construír é mais fácil que deconstruír, pero unha é necesaria para poder levar a cabo a outra, posto que senón tiramos abaixo falsas crenzas interiorizadas non podemos constuír unhas nova.

Na execución promoveremos dinámicas participativas, grupais e experimentais nas que exista unha mistura de teórica e práctica.

Nestas idades, traballaremos con base lúdica e a través do xogo para que eles e elas marquen as pautas de como lles gusta ser tratados-as, que queren dar e que queren recibir.



Anacos

IGUALARTE

2024/2025

SESIÓNS

Esta proposta consta de 6 sesións, de 1 hora de duración cada unha polo que estaríamos falando dunha formación de 6 horas. O tempo de duración de cada un dos encontros pode adaptarse ás necesidades do centro, pero recomendamos as 2 horas por ser ideal para manter a atención e nivel de participación e ser tamén tempo suficiente para adentrarnos nas temáticas.

As temáticas establecidas inicialmente para cada unha das sesións son as seguintes:

- SESIÓN 1+2_ Identificar e analizar cuestións relacionadas coa (des)igualdade, sexismo e violencia de xénero presentes nalgúns contos, cómics, música, publicidade, curtas, etc. promovendo que as nenas e os nenos creen as súas propias historias.
- SESIÓN 3+4_ Identificar crezas, roles e estereotipos que condicionen as súas actitudes e comportamentos nas relacións interpersonais.

Como se teñen que comportar as persoas según o seu sexo ou xénero? a que xogamos? que queremos ser de maiores?

- SESIÓN 5+6_ Ferramentas para o cambio. Recursos para aplicar en aula e no noso día a día para visibilizar referentes, establecer límites, desmontar estereotipos de xénero, ...